

CURSO: 1º,2º,3º,4º VALORES ÉTICOS

As profesoras de Valores Éticos acordamos establecer para os catro cursos da ESO competencias e estándares imprescindibles comúns para os catro cursos da ESO, tendo en conta que debimos replantexarnos unha asignatura que tiña como eixe a participación en debates no desenvolvemento dos estándares marcados. De todos xeitos consideramos que se nos brinda unha ocasión excepcional para reflexionar sobre cada un dos estándares básicos a través da experiencia da extensión do coronavirus e o confinamento da poboación. Por iso a nosa programación centrarase en torno a dita experiencia.

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

a) Competencias

1.- COMPETENCIA en TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.

2.-APRENDER A APRENDER

3-COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

4- SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

5.- COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

b) Estándares

- * Comprender a dignidade da persoa
- * Practicar a comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais
- * Promover a reflexión ética
- * Comprender a xustiza e a súa relación coa política
- * Averiguar a aplicación dos valores éticos á ciencia e a tecnoloxía no mundo actual

2.-Criterios de avaliación e cualificación.

Avaliación:

Valorarase o esforzo, adicación, interese, regularidade e puntualidade na entrega dos traballos

Se o alumnado se esmerou e entregou todo o que se esixiu calificarase cun 1 punto (que correspondería a un 10) á 3ª avaliación. O punto sufrirá descontos caso de que o esforzo non fora regular ou o traballo non estea completo.

Cualificación Final:

A avaliación será resultado da media aritmética da 1ª e 2ª avaliacións ó que se engadirá a puntuación da 3ª avaliación. Esta obtense do traballo enviado polo alumnado no cal se terá en conta o esforzo, adicación, interese e regularidade.

O alumnado que non presentou traballos na 3ª avaliación como resultado de problemas para desenvolver os medios de comunicación telemática terá unha cualificación final da media da 1ª e 2ª avaliación

A cualificación do alumnado que non presentou traballos na 3ª avaliación sen xustificación, será puntuada o mesmo que no apartado anterior pero por imposición xa que os membros do departamento non comparten esta resolución.

Alumnado coa materia pendente:

Deberá entregar as actividades que lle sinala a profesora, consistentes es traballos.

Proba extraordinaria de setembro:

O alumnado que non presentou os traballos correspondentes á 1ª e 2ª avaliacións nin o Diario do confinamento poderá en setembro, para acadar unha avaliación positiva, presentar os dous primeiros, dos cales se fará unha media. O Diario servirá para incrementar a nota en conformidade coa orde da Consellería de Educación.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Aproveitaremos o confinamento ocasionado polo Coronavirus para que escriban un diario onde existan Valores Éticos que observan na súa contorna e medios de comunicación (solidaridade, responsabilidade...) así como os contravalores (egoísmo, imprudencia...) Así mesmo deben apuntar e identificar as emocións tanto positivas (amor...) como negativas (ira, medo...). A través dos medios de comunicación deberán reflexionar sobre a dignidade da persoa nesta experiencia, o respecto nas relacións interpersoais, reflexión ética (por exemplo no caso da recomendación de non atender ós anciáns), a xustiza en relación coa política e cómo se comportan os membros dos partidos políticos tanto do goberno como da oposición, e a aplicación dos valores éticos a ciencia a través da especulación de que esta pandemia foi ocasionada nun laboratorio.

Considerámolo como o primeiro libro dos alumnos que pode desenvolver a súa expresión escrita, o tratamento da información a través dos medios de comunicación e internet, as competencias sociais e cívicas ó reflexionar sobre as relacións humanas, sentido da iniciativa escollendo o formato a entregar (pode ser un diario, ensaio, película...), en definitiva, aprender a aprender.

Cada semana deberán facer unha entrega do diario (correspondendo á hora de Valores)

Recuperación:

O alumnado que suspendeu a 1ª ou 2ª avaliacións poderá recuperar a través da presentación das actividades non feitas que orixinaron o seu suspenso.

4.- Información e publicidade.

O alumnado recibe información por parte das súas profesoras a través de Edixgal, móvil Abalar, correo electrónico e teléfono móvil trala creación de grupos de wasap (4º ESO)

5.-Materiais e recursos:

Prensa dixital, televisión, radio. Utilización de internet a través do ordenador e teléfono móvil.

Os alumnos entregan os traballos por correo electrónico e nas plataformas Edixgal (1ª e 2ª) ou Agueiro (3ª e 4ª)

Hai unha alumna que non dispón de conectividade. O titor ocúpase da comunicación con ela.